



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 24 DE SETEMBRO DE 2015

#### ASISTENTES:

##### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

##### CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)  
 D<sup>a</sup>. SILVIA BLACH CUESTA (PP)  
 D<sup>a</sup>. MERCEDES J. GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
 D. LUIS ALFONSO SIXTO LEGASPI (FPF)  
 D. JUAN LUIS GONZÁLEZ RIVEIRO (FPF)  
 D<sup>a</sup>. MARÍA PEÑA RUBIÑOS FERNÁNDEZ (FPF)  
 D. JOSÉ FRANCISCO RAMALLEIRA FRAGA (PSG-PSOE)  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ANGELES VEIGA VARELA (PSG-PSOE)  
 D. JOSÉ MARÍA LINARES RODRÍGUEZ (PSG-PSOE)  
 D<sup>a</sup>. LORENA SEIVANE GARCÍA (BNG)  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA REGO CABANAS (BNG)

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as 20 horas e 33 minutos do día 24 de setembro de 2015, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Actúa de secretario, o habilitado nacional, Ricardo Fernández Fernández, que da fe do acto.-

##### SECRETARIO

D. RICARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (os trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto, e éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursados xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:

#### 1. APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES: EXTRAORDINARIAS 10-6-2015 E 3-9-2015 E ORDINARIA 29-7-2015.

A continuación e de acordo co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o Sr. Alcalde-Presidente consulta ós Sres. Concelleiros se teñen que formular algunha observación ás actas sobrescritas.

A Concelleira do Grupo Municipal do PSG-PSOE, Dona M<sup>a</sup> Ángeles Veiga Varela, en relación co acta de 3-9-2015 manifesta que no punto primeiro da parte resolutiva do acordo, debe constar o número de horas de ampliación das clases de cada instrumento musical.

O Concelleiro do Grupo Municipal do PSG-PSOE, Don José Francisco Ramalleira Fraga, en relación co acta de 29-7-2015 advirte do erro existente na redacción do encabezamiento do acta, que di extraordinaria en lugar de ordinaria.

O Concelleiro do Grupo Municipal do FPF, D. Luis Alfonso Sixto Legaspi, en relación co acta de 29-7-2015 advirte do erro existente na referencia da estrada que fai na primeira pregunta, na parte da sesión, de rogos e preguntas, que di estrada nacional 632 en lugar de estrada nacional 642.

Sometidas as actas a votación, coas anteriores correccións, préstase aprobación as mesmas por unanimidade dos concelleiros da Corporación (13).

#### 2. PROPOSTA DE DÍAS PARA DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2016.-



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O Alcalde-Presidente le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:

### **“ PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*VISTO o oficio remitido pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar, de data 22 de xullo de 2015 (Rexistro Entrada: 3650, de 29 de xullo de 2015) no que se solicita a esta entidade para que antes do día 30 de setembro de 2015 remitira ao devandito departamento territorial acordo no que se determinen os dous días que se propoñen co carácter de FESTAS LOCAIS, así como a denominación da festividade que se celebra.*

*Por medio da presente,*

**PROPOÑO** ó Pleno da Corporación que previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda á adopción do presente acordo:

**PRIMEIRO:** *propoñer como FESTAS LOCAIS para o ano 2016, o día 16 de xullo, Virxe do Carme e o día 10 de agosto, San Lourenzo.*

**SEGUNDO:** *remitir á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar o certificado comprensivo do presente acordo “.-*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un **turno de intervencións**, explicando primeiramente a proposta.

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta que está de acordo coa proposta.

Don Luis Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF, expresa que está de acordo coa proposta.

Dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que está de acordo coa proposta.

Seguidamente, **sométese a votación a proposta da Alcaldía, obténdose como resultado a unanimidade a favor da mesma (13 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** *propoñer como FESTAS LOCAIS para o ano 2016, o día 16 de xullo, Virxe do Carme e o día 10 de agosto, San Lourenzo.*

**SEGUNDO:** *remitir á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar o certificado comprensivo do presente acordo .-*

### **3. DESIGNACIÓN DA PERSOA QUE OSTENTARÁ A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE FOZ NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.-**

O Alcalde-Presidente le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:

### **“ PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*VISTO o oficio remitido pola Delegación de Economía e Facenda en Lugo, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de data 14 de setembro de 2015 no que se solicita a esta entidade para que designe á persoa que ostentará a representación do Municipio de Foz no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, na provincia de Lugo, por medio da presente,*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**PROPOÑO** ó Pleno da Corporación que previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda á adopción do presente acordo:

**PRIMEIRO:** *propoñer como representante do Municipio de Foz no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, na provincia de Lugo, a Javier Jorge Castiñeira, Alcalde-Presidente do Concello de Foz.*

**SEGUNDO:** *remitir á Delegación de Economía e Facenda en Lugo o certificado comprensivo do presente acordo”.-*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un **turno de intervencións**, explicando primeiramente a proposta.

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta que está de acordo coa proposta.

Don Luis Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF, expresa que está de acordo coa proposta.

Dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que está de acordo coa proposta.

Seguidamente, **sométese a votación a proposta da Alcaldía, obténdose como resultado a unanimidade a favor da mesma (13 votos).**

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** *propoñer como representante do Municipio de Foz no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, na provincia de Lugo, a Javier Jorge Castiñeira, Alcalde-Presidente do Concello de Foz.*

**SEGUNDO:** *remitir á Delegación de Economía e Facenda en Lugo o certificado comprensivo do presente acordo.-*

#### **4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO FPF PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS) O ACONDICIONAMENTO OU A CESIÓN DE TERREOS PÚBLICOS NA PARROQUIA DE SAN ACISCLO PARA O CONCELLO.-**

**O voceiro do grupo municipal do FPF, Don Luis Alfonso Sixto Legaspi le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:**

*Os representantes da AA.VV de San Acisclo faciannos chegar a demanda de que non dispoñían de ningún parque infantil nin dun sitio de encontro para as persoas maiores da parroquia de San Acisclo,tamén nos comentaban que había un lugar público ó lado da estrada LU-152 pkm 9'800, conocido como o cruce da carretera de San acisclo a Fazouro, que está sin uso ningún e nunhas condicións de abandono e incluso peligroso por culpa dunha cuneta que está descuberta e bastante profunda que podería ser idoneo para acometer unha actuación integral e darlle un uso para disfrute dos veciños e visitantes. (Adxuntamos foto da parcela).*

*Por todo o anteriormente exposto propoñemos á Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:*

- 1- *Dar traslado á Xunta de Galicia (Consellería de medio ambiente,territorio e infraestructuras) a solicitude de acometer as obras de mellora deste espacio público que poderían ser as anteriormente citadas como parque infantil e lugar de encontro de maiores con unhos bancos e unhos equipos de ximnasia como hai noutros lugares do noso Concello.*
- 2- *Ou no seu defecto solicitar á Xunta de Galicia a titularidade municipal desta parcela e sexa o Concello de Foz quen se encargue de realizar dita obra.*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*Tamén nos gustaría que antes de acometer esta obra se mantivese unha reunión cos veciños e veciñas de San Acisclo para que fosen eles os que decidiran a mellor forma de invertir ese diñeiro.*

**Dita proposta foi modificada na Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno celebrada o día 17 de setembro de 2015, co consenso de todos os grupos políticos, de forma que a proposta de acordo quedou como segue:**

*Instar á Xunta de Galicia (Consellería de medio ambiente, territorio e infraestructuras) para que acondicione a parcela pública existente ó lado da estrada LU-152 pkm 9'800, conocido como o cruce da carretera de San acisclo a Fazouro, como parque infantil e lugar de encontro de maiores con unhos bancos e unhos equipos de ximnasia como hai noutros lugares do noso Concello, arranxando igualmente o buraco existente no centro da parcela de forma, evitando desta forma, o perigo existente na actualidade*

*Antes de acometer esta obra debería manterse unha reunión cos veciños e veciñas de San Acisclo para que fosen eles os que decidiran a mellor forma de realizar a inversión.*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un **turno de intervencións:**

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, expresa que están a favor da proposta.

Dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que están a favor de todo o que sexa bo para os veciños de Foz..

O Sr Alcalde-presidente, expresa que están a favor da proposta.

Finalizado o debate, **sométese a votación a proposta do Grupo Municipal FPF coa emenda, obténdose como resultado a unanimidade a favor** da mesma (13 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

*Instar á Xunta de Galicia (Consellería de medio ambiente, territorio e infraestructuras) para que acondicione a parcela pública existente ó lado da estrada LU-152 pkm 9'800, conocido como o cruce da carretera de San acisclo a Fazouro, como parque infantil e lugar de encontro de maiores con unhos bancos e unhos equipos de ximnasia como hai noutros lugares do noso Concello, arranxando igualmente o buraco existente no centro da parcela de forma, evitando desta forma, o perigo existente na actualidade*

*Antes de acometer esta obra debería manterse unha reunión cos veciños e veciñas de San Acisclo para que fosen eles os que decidiran a mellor forma de realizar a inversión.*

### **5. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO FPF PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS) A LIMPEZA DA ESTRADA LU-152, PKM 7,600.-**

**O voceiro do grupo municipal do FPF, le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:**

*Nos últimos tempos levamos recibindo numerosas queixas de veciños e usuarios da intersección que se atopa na estrada dependente da Xunta de Galicia LU-152 pkm 7'600, á altura da parroquia de Santa cecilia, concretamente no que é conocida como baixada da Rega, e saída do barrio do Chao dirección Ferreira do Valadouro e Foz, pola falta de visibilidade motivada pola maleza e árbores que se encontran nos lados da estrada anteriormente sinalada entre os pkms 7'400 e 7'600, e cunha curva a escasos 100mts da saída desta intersección. (Adxuntamos foto).*



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*Despois de acudir ó lugar que nos referimos e comprobar a realidade ademais do anteriormente exposto propoñemos á Corporación Municipal a aprobación do seguinte acordo:*

*-Se dé traslado á Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestructuras) a solicitude de limpeza da maleza e árbores que dificultan a visibilidade na estrada LU-152 entre os pkms 7'400 e 7'600 á altura da baixada da Rega- intersección saída do barrio do Chao na parroquia de Santa Cecilia.*

**A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un turno de intervencións:**

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta que están de acordo coa proposta.

Dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que está de acordo coa proposta.

O Sr Alcalde-presidente, expresa que están a favor da proposta.

Seguidamente, **sométese a votación a proposta do Grupo Municipal FPE, obténdose como resultado a unanimidade a favor** da mesma (13 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

**-Se dé traslado á Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente ,Territorio e Infraestructuras) a solicitude de limpeza da maleza e árbores que dificultan a visibilidade na estrada LU-152 entre os pkms 7'400 e 7'600 á altura da baixada da Rega- intersección saída do barrio do Chao na parroquia de Santa Cecilia.-**

### **6. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO FPF PARA DECLARAR O CONCELLO DE FOZ LIBRE DE CIRCOS E ANIMAIS E CARRUSEIS DE PONYS.-**

**O voceiro do grupo municipal do FPF, le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:**

*“ O noso pobo non é alleo aos circuitos que establecen anualmente algúns circos e outras instalacións itinerantes coma os carruseis de ponys nas festas, que utilizan ou exhiben animais que sofren unha precariedade e maltratos continuos. Os circos son espectáculos culturais para o entretemento e o ocio, que deben ser compatibles cos dereitos dos animais.*

*Supoñemos que o Concello de Foz non pretende fomentar, nin directa nin indirectamente esta crueldade inxustificada e que, si se ven permitindo a instalación de circos con animais e carruseis de ponys, é pola falta de información do que acontece tras estes espectáculos. O circo é un espectáculo dirixido ao público infantil, pero os circos con animais e os carruseis con ponys seguen mostrando exhibicións propias do século pasado. Afortunadamente a nosa comprensión do planeta e dos animais con quen o compartimos evolucionou, e esta evolución debe reflectir en todo o que facemos.*

*Aínda que estes espectáculos non sexan aparentemente violentos, en realidade son unha condena a cadea perpetua e traballos forzados para os animais cuxas vidas chegan a ser unha auténtica tortura tanto fora coma enriba do escenario ¿Como se pode inculcar o respecto hacia a natureza cando mostramos aos nenos animais salvaxes alonxados dos seu medio e permanentemente confinados en pequenos recintos e transportes, humillados, mal alimentados e golpeados?.*

*Gustaríanos que o noso Concello se unira á larga lista de localidades españolas que se declararon libres destes espectáculos modificando a normativa para prohibir e non acoller máis este tipo de instalacións .*

*Por todo o anteriormente exposto e os numerosos veciños e veciñas que no lo pediron propoñemos á Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- *Non permitir a entrada e instalación nesta localidade (tanto en terreos privados coma públicos) espectáculos de circos con animais ou carruseis con ponys.*
- *Declarar este Concello vila libre de circos con animais como así se acordou nunha moción presentada en xaneiro de 2014”.-*

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un **turno de intervencións**, explicando primeiramente a proposta, Don Luis Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF e insistindo en que o concello debe aplicar a normativa existente e facer cumprir a mesma. Sen ir mais lonxe, recentemente, instalouse un circo no municipio e ademais sen autorización. A intención do noso grupo municipal é que o acordo que se tomou hai tempo polo pleno deste concello a iniciativa do BNG, complementétese cos acordos que se inclúen na presente moción.

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, expresa que están en contra dos malos tratos animais e que en todo caso é importante facer cumprir as nomas existentes, incluíndo a prohibición que se pretende aprobar nestes momentos.

Dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que lle parece ben que se amplíe a moción que o BNG presentara hai tempo.

Finaliza o debate o Sr. Alcalde-presidente, adiantando que se van a abster. Están en contra dos malos tratos animais, aínda que en ocasións é difícil diferenciar aqueles espectáculos nos que interveñen animais daqueles outros nos que se produce uns malos tratos dos mesmos. En canto ao circo que actuou hai unhas semanas neste concello, fíxoo sen autorización, e dos devanditos feitos levantouse acta pola policía local para iniciar os procedementos que correspondan.

Seguidamente, **sométese a votación a proposta do Grupo Municipal FPF, obténdose o seguinte resultado:**

**Votos a favor:** tódolos membros do Grupo Municipal de FPF (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (2 votos).

**Votos en contra:** ningún.

**Abstencións:** tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

- **Non permitir a entrada e instalación nesta localidade (tanto en terreos privados coma públicos) espectáculos de circos con animais ou carruseis con ponys.**
- **Declarar este Concello vila libre de circos con animais como así se acordou nunha moción presentada en xaneiro de 2014.-**

### 7. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DE BEIRARÚAS, NA ESTRADA ENTRE O MERCADONA E O PARQUE DE MARZÁN.-

O voceiro do grupo municipal do PSG-PSOE, le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:

“ Que a estrada que transcorre dende o Mercadona ata o parque de Marzán por o cemiterio ten cada vez máis tráfico de persoas e vehículos.

Que este tráfico supón un risco por carecer de beirarrúas, o que fai que non se garanta a non interferencia entre equipos móbiles e peóns.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

*Que esta falta de beirarrúas pode ser causa de accidentes e situacións de risco para as persoas que circulen po esta estrada.*

*O PSdeG-PSOE de Foz, presenta a seguinte MOCIÓN, para que a Corporación Municipal inste ao Goberno Municipal a:*

*-Construír beirarrúas nesta estrada, entre o Mercadona e o Parque de Marzán.*

*-Facer un estudo do tráfico nesta estrada. Como resultado deste estudo, proceder a sinalizar e regular a circulación da mellor maneira posible “.-*

**A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un turno de intervencións**, explicando primeiramente a proposta, Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE.

Don Luis Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF, expresa que están a favor da proposta.

Dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que esta moción xa se trouxo varias veces a pleno. Foi o propio PSOE quen impediu que este asunto saíse adiante en anteriores ocasións alegando que había que facer un estudo de detalle previamente. Estráñalle que sexa agora o mesmo PSOE quen presenta esta moción.

Sr. Alcalde-presidente, en nome do seu grupo político reconece que as rúas sobre as que trata a moción soportan moito tráfico. Ocorre que dita rúa foise urbanizando polos propios promotores inmobiliarios que ían edificando de forma simultánea e así se lles esixía como condición nas propias licenzas urbanísticas que se foron outorgando. Nalgúns casos aínda se está pendente de urbanizar por parte dos promotores. Outro problema é que as aliñacións non están definidas senón que a urbanización vaise realizando por tramos segundo se vaia edificando. Hai moitas dificultades aínda que por parte deste goberno municipal hai vontade de que se acabe de urbanizar e polo menos dotar á devandita rúa dos elementos necesarios de seguridade para vehículos e persoas.

Finaliza o debate, Don José Francisco Ramalleira Fraga, respondendo a portavoz do BNG e ao PP que o PSOE actualmente ve a necesidade de traer esta moción para solucionar o problema existente, con independencia das decisións que tomasen os seus antecesores no cargo.

Seguidamente, **sómétese a votación a proposta do Grupo Municipal PSG-PSOE, obténdose o seguinte resultado:**

**Votos a favor:** tódolos membros do Grupo Municipal de FPF (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (2 votos).

**Votos en contra:** ningún.

**Abstencións:** tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

*-Construír beirarrúas nesta estrada, entre o Mercadona e o Parque de Marzán.*

*-Facer un estudo do tráfico nesta estrada. Como resultado deste estudo, proceder a sinalizar e regular a circulación da mellor maneira posible .-*

Despois da votación intervéñ o Alcalde para lembrar que unha solución para custear a execución da obra proposta, podería ser a vía das contribucións especiais.

## **8. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ELIMINACIÓN DE VERTEDOIROIS INCONTROLADOS E ADECENTAMENTO DE SOLARES.-**





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**A voceira do grupo municipal do BNG, dona M<sup>a</sup> Teresa Rego Cabanas, le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:**

*“ A conservación do medio ambiente é motivo de preocupación crecente por parte dos cidadáns, que cada vez están máis concienciados coa necesidade de conservación e que esixen novas respostas políticas para solucionar os problemas ambientais do día a día.*

*Por outra banda, debemos ter en conta que o entorno é un valor á alza en termos turísticos, xa que as vilas cun entorno ben conservado e que mostren unha preocupación pola natureza son máis atractivas para os visitantes, que cada vez buscan máis calidade nos destinos escollidos.*

*En Foz estes valores parecen terse olvidados e proliferan os vertedoiros incontrolados, nos que mesmo se poden ver restos informáticos, e as fincas descoidadas. Exemplos como os que se poden ver nas fotos que acompañan esta moción, na parroquia de San Martiño, a 700 metros da Basílica, no Pico da Lebre, por onde pasa unha ruta de sendeirismo, na contorna do prado de Ramos, en Vilaxoane...demostran a deixadez dun sector da poboación, e, o que é peor, do goberno municipal.*

*En vista de que algúns destes casos foron denunciados ante a oficina de medio ambiente e semanas, meses e mesmo anos despois siguen a agardar unha resposta, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate a aprobación polo pleno do Concello de Foz esta moción propoñendo a adopcións dos seguintes ACORDOS:*

**1.-Que proceda a eliminar os vertedoiros incontrolados localizados en San Martiño (Ver) e no Pico da Lebre e, de repetirse esta situación, que coloque carteis neses puntos prohibindo os vertedoiros e informando sobre o Punto Limpo.**

**2.-Que tome as medidas necesarias para que os propietarios manteñan as súas propiedades nun mínimo estado de limpeza, que non perxudique aos veciños das propiedades colindantes nin á imaxe da vila.**

**3.-Que cumpla e faga cumprir o artigo 7 da ordenanza municipal de limpeza urbana, do 26 de agosto de 2008, e que aplique as sancións correspondentes para evitar que esta situación se repita no futuro. Do mesmo xeito, tamén solicitamos que se atendan as demandas dos veciños que presentan reclamacións que non son atendidas.**

**4.-Que se sinalice correctamente a situación do Punto Limpo e se publicite, mediante a campaña Cuido Foz, o servizo de punto limpo móbil, para evitar que os veciños sintan a necesidade de abandonar os seus desperdicios na primeira cuneta”.-**

**A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un turno de intervencións, explicando primeiramente a proposta, dona M<sup>a</sup> Teresa Rego Cabanas, Concelleira do grupo municipal do BNG.**

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta que están de acordo coa proposta.

Don Luis Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF, expresa que están a favor da proposta e incide na necesidade de que se faga cumprir a normativa municipal existente, xa que hai xente que está cansada de facer denuncias e non se lles fai caso.

O Sr. Alcalde-presidente, en nome do seu grupo político expresa que desde o servizo de medio ambiente do Concello aténdense todas as denuncias. Non é certo o que di o concelleiro de FPF. Desde o Concello tramítanse todas as denuncias e instase aos propietarios das leiras en mal estado a limpar e rozar as mesmas. Ocorre que o Concello non se pode meter nunha leira privada para facer eses traballos de limpeza. E por outra banda, o Concello de Foz pon moitos medios en temas de recollida de lixo.

Finaliza ou debate, Don José Francisco Ramalleira Fraga, poñendo de manifesto que ás veces é complicado de resolver este asunto, xa que hai propietarios de leiras que ven obrigados a limpar unha leira na que outras persoas vértentlle cascallos de maneira fraudulenta.





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Seguidamente, sométese a votación a proposta do Grupo Municipal BNG, obténdose como resultado a unanimidade a favor da mesma (13 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

- 1.-Que proceda a eliminar os vertedoiros incontrolados localizados en San Martiño (Ver) e no Pico da Lebre e, de repetirse esta situación, que coloque carteis nesos puntos prohibindo os vertedoiros e informando sobre o Punto Limpo.
- 2.-Que tome as medidas necesarias para que os propietarios manteñan as súas propiedades nun mínimo estado de limpeza, que non perxudique aos veciños das propiedades colindantes nin á imaxe da vila.
- 3.-Que cumpla e faga cumprir o artigo 7 da ordenanza municipal de limpeza urbana, do 26 de agosto de 2008, e que aplique as sancións correspondentes para evitar que esta situación se repita no futuro. Do mesmo xeito, tamén solicitamos que se atendan as demandas dos veciños que presentan reclamacións que non son atendidas.
- 4.-Que se sinalice correctamente a situación do Punto Limpo e se publicite, mediante a campaña Cuido Foz, o servizo de punto limpo móbil, para evitar que os veciños sintan a necesidade de abandonar os seus desperdicios na primeira cuneta.-

### 9. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA XESTIÓN PÚBLICA DA RESIDENCIA DE ANCIÁNS E CENTRO DE DÍA.-

A voceira do grupo municipal do BNG, dona M<sup>a</sup> Teresa Rego Cabanas, le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:

*“A obra da residencia de anciáns e centro de día está a piques de rematarse e previsiblemente entrará en funcionamento nos próximos meses, polo tanto é unha cuestión inminente tratar o tema da xestión e a dotación.*

*Par o BNG é fundamental coñecer canto antes o orzamento que se vai destinar para a dotación e cando se vai facer efectivo, xa que non tería sentido ter a obra rematada pero baleira como ocorreu en ocasións anteriores. Do mesmo xeito, consideramos que para que sexa garantía de efectividade e benestar a súa xestión debe ser 100% pública.*

*O BNG non se esquece da plantilla de traballadores da actual residencia de anciáns. Subrogar aos traballadores é garantía de estabilidade laboral.*

*Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Foz esta moción proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1.-Establecer o orzamento para a dotación da nova residencia á maior brevidade posible.
- 2.-Acordar a xestión pública para a nova residencia de anciáns e centro de día.
- 3.-Valorar e ter en conta aos traballadores da antiga residencia”.-

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un turno de intervencións, explicando primeiramente a proposta, dona M<sup>a</sup> Teresa Rego Cabanas, Concelleira do grupo municipal do BNG.

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta que están a favor dunha xestión pública dos servizos que se presten na nova residencia. En canto á selección de persoal que se realice para a prestación dos servizos que se ofrezan no devandito centro, están a favor de que se valore a experiencia laboral das persoas que están a traballar na residencia existente na actualidade.

## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Don Luís Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF, expresa que están a favor da xestión pública dos servizos que se presten na nova residencia. Partindo da normativa sobre selección de empregados públicos, están de acordo en que se utilice como un dos criterios, a valoración da experiencia dos candidatos que se poidan presentar para as prazas que se convoquen.

O Sr. Alcalde-presidente, en nome do seu grupo político expresa a súa satisfacción pola inminente finalización das obras da residencia de maiores, cumprindo así co anunciado polo goberno municipal. Por algúns partidos políticos fixéronse comentarios tratando de deostar o proxecto e a realidade é que estamos ante unha boa obra que dará un servizo demandado no pobo. O noso grupo está a favor de que se preste un servizo público ao que poida ter acceso todo o mundo que o necesite. O importante é que se preste un servizo público de calidade.

Seguidamente, **sométese a votación a proposta do Grupo Municipal BNG, obténdose o seguinte resultado:**

**Votos a favor:** tódolos membros do Grupo Municipal de FPF (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (2 votos).

**Votos en contra:** ningún.

**Abstencións:** tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

- 1.-Establecer o orzamento para a dotación da nova residencia á maior brevidade posible.**
- 2.-Acordar a xestión pública para a nova residencia de anciáns e centro de día.**
- 3.-Valorar e ter en conta aos traballadores da antiga residencia.-**

### **10. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MANTEMENTO E ACCESIBILIDADE DAS PRAIAS E PARA A PREVENCIÓN DA COBERTURA DAS PRAZAS DOS SOCORRISTAS PARA O PRÓXIMO VERÁN.-**

**A voceira do grupo municipal do BNG, dona Lorena Seivane García, le o título deste punto da orde do día e presenta a proposta cuio tenor literal é o seguinte:**

*“ As praias de Foz son, senon o máis, un dos factores máis importantes que atrae o turismo ao noso pobo.*

*Para poder manter este turismo, que trae vida e riqueza a Foz, hai que responder cada verán cunhas praias en óptimo estado.*

*Para o BNG a accesibilidade, a limpeza e coidado e a seguridade son garantía da bandeira azul da que presumen os nosos areais.*

*Para que este estado de bandeira azul non teña que seguir sendo intermitente o próximo verán deberanse tomar certas medidas o resto do ano.*

*Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Foz esta moción propoñendo a adopción dos seguintes **ACORDOS:***

- 1.-Coidado, mantemento e limpeza das praias durante os meses de outono, inverno e primavera.**
- 2.-Solicitar a quen proceda un curso de socorrismo para o noso concello (ou incluso en concordancia con outros concellos de A Mariña que sofren o mesmo problema ca Foz e/ou do ciclo de deportes que se imparten no Monte Castelo) para garantir que o próximo verán do 2016 non suframos o mesmo problema de déficit de socorristas.**
- 3.-Acondicionar os accesos para que todas as persoas con mobilidade reducida poidan acceder aos areais sen problema”.-**

## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente un turno de intervencións, explicando primeiramente a proposta, dona Lorena Seivane García, Concelleira do grupo municipal do BNG.

Don José Francisco Ramalleira Fraga, Concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta que está de acordo coa proposta.

Don Luis Alfonso Sixto Legaspi, Concelleiro do grupo municipal de FPF, expresa que está de acordo coa proposta.

O Sr. Alcalde-presidente, en nome do seu grupo político expresa que non está seguro que compense realizar servizos de limpeza durante os meses de outono, inverno e primavera. Está de acordo de que no verán hai que mellorar moitas cousas en relación aos servizos que se prestan, pero limpar as praias no inverno considérao un gasto innecesario. En canto á solicitude do curso de socorrismo estamos a favor e vaise a solicitar, entre outros motivos porque existe un problema de falta de socorristas durante o verán. Neste sentido, ímonos a abster sabendo das dificultades de levar a cabo a proposta de acordos pero tomando boa nota das mesmas.

Seguidamente, **sométese a votación a proposta do Grupo Municipal BNG, obténdose o seguinte resultado:**

**Votos a favor:** tódolos membros do Grupo Municipal de FPF (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (3 votos), mais tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (2 votos).

**Votos en contra:** ningún.

**Abstencións:** tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos).

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

**1.-Coidado, mantemento e limpeza das praias durante os meses de outono, inverno e primavera.**

**2.-Solicitar a quen proceda un curso de socorrismo para o noso concello (ou incluso en concordancia con outros concellos de A Mariña que sofren o mesmo problema ca Foz e/ou do ciclo de deportes que se imparten no Monte Castelo) para garantir que o próximo verán do 2016 non suframos o mesmo problema de déficit de socorristas.**

**3.-Acondicionar os accesos para que todas as persoas con mobilidade reducida poidan acceder aos areas sen problema.-**

### PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

#### 1. DECRETOS DA ALCALDIA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais o Sr. Alcalde da conta das resolucións dictadas desde o 27 de xullo de 2015 ata o 18 de setembro de 2015.-

#### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Non se producen.-

#### **3. MOCIONS URXENCIA.**

Non se producen.

#### **4. ROGOS E PREGUNTAS.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### 4.A. ROGOS:

- Por parte do grupo municipal do PSdG-PSOE, Don José Francisco Ramalleira Fraga, realiza os seguintes rogos dirixidos ao goberno municipal: maior asiduidade na limpeza dos baños que están na contorna da basílica de San Martiño; rozar e limpar de maleza a rúa do asilo; atender mellor os rogos que se expoñen así como dar conta das solucións adoptadas sobre as mocións e rogos presentados polos grupos políticos municipais.

- Por parte do grupo municipal de FPF, Don Luís Alfonso Sixto Legaspi realiza os seguintes rogos dirixidos ao goberno municipal: realizar unha limpeza integral dá rúa Pasadoiro; arranxar a bomba que teñen os servizos da praia de Llas; realizar as xestións oportunas para substituír o tramo de tubería de auga na zona de Ribela en Cangas, a cal ten xa moitos anos e rompe a menudo, dando lugar a problemas para os veciños da zona.

- Por parte do grupo municipal do BNG, Dona Lorena Seivane García, realiza os seguintes rogos dirixidos ao goberno municipal: actualizar a información que se ofrece na páxina web do concello; respectar e coidar as dunas protexidas de Llas; na documentación oficial do concello, respectar os topónimos oficiais existentes en Galicia.

### 4.B. PREGUNTAS:

- Por parte do grupo municipal do PSdG-PSOE, Don José Francisco Ramalleira Fraga, realiza as seguintes preguntas:

\* Como vai quedar a estrada que discorre á beira do cemiterio e do asilo de anciáns, concretamente a intersección da rúa corporacións municipais e a rúa do asilo?. Responde ou sr. Alcalde, expresando que devandito viario está no plan pero aínda sen executar. Haberá unha parte da vía que executará o propio Consorcio de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

\* Acerca dunha parada de bus pintada á beira de Casa de Candia, realmente vaise a executar?. Responde ou sr. Alcalde, informando que desde “Tráfico” esixen ter dúas paradas de bus a unha distancia próxima das aulas nas que se imparten os cursos para a recuperación de puntos do permiso de conducir, e unha das paradas requiridas é precisamente aquela.

\* A zona do porto na que hai estacionadas autocaravanas, é un parking, unha zona de acampada, hai regulación sobre a devandita área?. Responde ou sr. Alcalde, expresando que o Concello, a petición dun colectivo importante de autocaravanistas, estableceu unha parada con este fin, dotándoa con dous servizos básicos, toma de auga e desaugadoiro.

- Por parte do grupo municipal de FPF, Don Luís Alfonso Sixto Legaspi realiza as seguintes preguntas:

\* En que estado de tramitación están os rogos realizados por este grupo municipal no último pleno?. Responde ou sr. Alcalde, informando que acabamos de deixar atrás o período estival onde os traballadores municipais estiveron moi ocupados proporcionando os servizos necesarios que demandaba a poboación existente nese período. A partir destes momentos irase dando solución aos mesmos a medida que se poida.

\* Reiterando a pregunta realizada na sesión anterior, ¿en que punto se atopa a reparación da estrada nacional 642?. Responde o sr. Alcalde, informando que a día de hoxe a obra está adxudicada e pendente de empezar a súa execución. Desexa que os traballos comencen o antes posible.

\* Está a actuarse desde a Alcaldía sobre todas as denuncias urbanísticas que se presentan?. Responde ou sr. Alcalde, informando que se tramitan todas, avaliándose polos técnicos municipais.

- Por parte do grupo municipal do BNG, Dona Lorena Seivane García, realiza as seguintes preguntas:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

\* Cúal é o estado de tramitación do proceso de selección dos profesores da escola de música municipal?. Responde o sr. Alcalde, informando que se remitiu hoxe o anuncio á prensa, de forma que mañá sairá probablemente publicada a convocatoria para presentar as solicitudes para tomar parte no mesmo.

\* Cúanto está disposta a pagar a Xunta sobre a nova depuradora?. Responde o sr. Alcalde, expresando que é unha competencia unicamente do organismo “Augas de Galicia”. O financiamento deste tipo de infraestrutura faise moitas veces coa colaboración de fondos europeos. O financiamento é total por parte da Xunta e “fondos europeos”.

\* Existe algún tipo de actuación que estea planificada para dar solución e corraxir os defectos de construción que ten o local onde se sitúa o “Centro Social”, fundamentalmente en canto ás filtracións de auga?. Responde o sr. Alcalde, expresando que se trata dun local antigo e estamos ante un problema serio e difícil de solucionar, sobre todo polo sistema utilizado na construción que non garantiza evitar a filtración de auga de choiva.

Concluído o anterior, ás 22:04 do día 24 de setembro de 2015, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretario, dou fe.

**O secretario,**

**RICARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**

**O alcalde,**

**JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)**